

Documento base para a elaboración de rúbricas de avaliación en 6º Educación Física

códigos	CRITERIO DE AVALIACIÓN	4 (100%)	3 (75%)	2 (50%)	1 (25%)
CA1.5	Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Adquire un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa demostrándoo en situacións motrices simples, secuenciadas e complexas, e transferíndoas eficientemente a situacións de xogo e outras actividades que xorden no seu espazo vivencial. (Sesións motrices)	Adquire un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, demostrándoo en situacións motrices simples, secuenciadas e complexas, pero non as consegue transferir eficientemente a situacións de xogo e outras actividades que xorden no seu espazo vivencial. (Sesións motrices)	Adquire un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa. demostrándoo no contexto de situacións motrices sinxelas e secuenciadas. (Sesións motrices)	Adquire un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade sen eficiencia nin creatividade, demostrándoo soamente en situacións motrices sinxelas. (Sesións motrices)

CA3.1	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Desenvolve proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xerando producións motrices de calidade. Establece obxectivos e metas claros e definidos, secuencia accións dos mesmos e móstrase crítico coa valoración do proceso e resultado, sendo capaz de introducir cambios significativos durante o proceso para a súa mellora. (Sesións motrices)	Desenvolve proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xerando producións motrices de calidade. Establece metas e accións relacionadas e definidas, pero aínda que se mostre crítico coa valoración do proceso e resultado, non é quen de introducir cambios significativos durante o proceso para a súa mellora. (Sesións motrices)	Desenvolve proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xerando producións motrices de calidade, pero non establece uns obxectivos e metas concretos para os mesmos. Non se mostra crítico coa valoración do proceso e resultado. (Sesións motrices)	Desenvolve proxectos motores de carácter individual, definindo metas e secuenciando accións, xerando diferentes producións motrices. Amosa dificultades para o traballo cooperativo ou colaborativo. (Sesións motrices)
-------	---	--	---	---	--

CA4.4	Respectar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.	Respecta as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actúa desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, demostrándoo tanto nas actividades e xogos de aula como nas sesións motrices, ao tempo que mostra respecto tanto nas situacións de éxito e vitoria como nas de erro e derrota, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais e asumindo as decisións arbitrais (Como nos organizamos) (Sesións motrices de adestramento e partido)	Respecta as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actúa desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, demostrándoo tanto nas actividades/xogos de aula coma nas sesións motrices. Amosando respecto tanto nas situacións de éxito e vitoria como nas de erro e derrota asumindo as decisións arbitrais (Como nos organizamos) (Sesións motrices de adestramento e partido)	Respecta as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actúa desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, demostrándoo tanto nas actividades e xogos de aula como nas sesións motrices. (Como nos organizamos) (Sesións motrices de adestramento e partido)	Ten dificultade no respecto das normas consensuadas nos xogos practicados nas sesións motrices, manifesta actitudes nas que mostra falta de deportividade e xogo limpo, e xestiona mal as emocións. (Como nos organizamos) (Sesións motrices de adestramento e partido)

CA 1.7 CA4.6	Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.	Valora o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas. É quen de identificar eses comportamentos, os rexeita e propón e participa activamente en diferentes actuacións, ideas e formas que teñen a finalidade de que non se sigan reproducindo. (A ollada crítica) Ficha de observación (Sesións motrices de adestramento e partido)	Valora o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas. Identifica eses comportamentos e os rexeita, implicándose e participando en actuacións, ideas e formas que teñen a finalidade de que non se sigan reproducindo. (A ollada crítica) Ficha de observación (Sesións motrices de adestramento e partido)	Valora o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas. Identifica eses comportamentos e os rexeita, aínda que non soe implicarse en actuacións que teñen a finalidade de que non se sigan reproducindo. (A ollada crítica) Ficha de observación (Sesións motrices de adestramento e partido)	Comprende o valor do deporte como fenómeno cultural, pero cústalle analizar criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas. (A ollada crítica) Ficha de observación (Sesións motrices de adestramento e partido)
-------------------------	--	--	---	--	--

CA3.2 CA4.2	Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Aplica principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas Anticipa as súas accións e axústaas dependendo do obxectivo motriz da actividade. Faino ben en diferentes contextos e tanto en situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición. É quen de reflexionar sobre o proceso e as solucións co fin de mellorar. (Sesións motrices de adestramento e partido)	Aplica principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas. Anticipa as súas accións e axústaas dependendo do obxectivo motriz da actividade. Faino ben en diferentes contextos e tanto en situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, pero cústalle reflexionar sobre o realizado e as solucións propostas co fin de mellorar. (Sesións motrices de adestramento e partido)	Aplica principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas. Axusta as súas decisións e accións dependendo do obxectivo motriz da actividade. Faino en diferentes contextos e tanto en situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, pero cústalle anticiparse a certas situacións lúdicas e reflexionar posteriormente sobre as solucións motrices. (Sesións motrices de adestramento e partido)	Ten dificultade en axustar as súas decisións e accións motrices ás actividades dependendo da súa finalidade. Mostra dificultade en algúns dos contextos das situacións (individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición) e non reflexiona sobre a súa actuación co fin de mellorar. (Sesións motrices de adestramento e partido)

CA5.1	Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero , evitando activamente a súa reprodución	Identifica e aborda condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, Identifica condutas negativas no deporte. É quen de distinguir entre condutas deportivas e antideportivas e amosa rexeitamento ante situacións de discriminación intervindo na resolución de conflitos derivados da mesma.	Identifica e aborda condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia. Identifica condutas negativas no deporte. É quen de distinguir entre condutas deportivas e antideportivas pero non amosa rexeitamento ante situacións de discriminación e non intervén na resolución de conflitos derivados da mesma.	Identifica e aborda condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, Identifica condutas negativas no deporte, pero ten dificultades de distinguir entre condutas deportivas e antideportivas. Non amosa rexeitamento ante situacións de discriminación e non intervén na resolución de conflitos derivados da mesma.	Ten dificultades para identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, non fai distincións entre condutas deportivas e antideportivas nin intervén na resolución de conflitos derivados de situacións de discriminación.
-------	---	--	---	--	--



“Documento base elaboración de rúbricas”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)